

PLAN DE IGUALDADE

CEIP DE SEIXO. MARÍN

DATA POSTA EN COÑECEMENTO DO CLAUSTRO: 03/12/2019

DATA POSTA EN COÑECEMENTO DO CONSELLO: 03/12/2019

DATA DE ELABORACIÓN: Decembro 2019

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.

Ten en conta propostas do claustro.

Este Plan foi elaborado polo equipo directivo en colaboración co Departamento de Orientación do centro e asesorado pola mestra Ana Ogando Muñíz, con coñecementos e formación en materia de igualdade e informado ao consello escolar.

O plan igualdade do centro é o documento no cal se articulan as actuacións para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. Este plan concreta as medidas de actuación que se van a propoñer para acadar os obxectivos coeducativos.

A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.

0. ÍNDICE**1.- INTRODUCCIÓN****2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO****3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia****4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN**

4.1.- PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

4.2.- PREVENCIÓN E DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

4.3.-PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

4.4.- PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIfobia

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1.- ORGANIZACIÓN DE CENTRO

5.2.- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

5.3.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

5.4.- INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A educación debe levarse a cabo dende unha **perspectiva humanista e integral**, que contribúa a **prever todo tipo de situacións de violencia**, e en particular a de **xénero**, dado que nos últimos anos vense observando un aumento de **condutas discriminatorias** e dos **estereotipos sexistas** na sociedade, que inflúen no desenvolvemento da identidade das nenas e nenos e na conflitividade entre eles.

Co obxectivo de contribuír a reverter esta tendencia, o noso centro **continúa a traballar** para construír conxuntamente con toda a nosa **comunidade educativa** unha **visión da sociedade igualitaria**, libre de todo tipo de prexuízos, estereotipos, discriminacións e violencias.

Nos últimos anos levamos acometido **moitas actuacións** nesa dirección - recollidas nas memorias finais-, tanto dende o Equipo de Biblioteca, Convivencia, Dirección, titorías, como a nivel de Centro. Algunhas delas son as que seguen:

- Nomeamento dunha **persoa responsable** en materia de igualdade no **Consello Escolar**, que xa se encargaba das funcións de convivencia (María Rocío Rosales Solla).
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no **calendario escolar** oficial:
 - Os **25 de novembro**:
 - Reparto de **material facilitado polo Concello** de Marín, consistente en bolígrafos e globos violetas para colocar nas fachadas das casas;
 - Traballo da **linguaxe coeducativa** como ferramenta de cambio;
 - Reparto de **lazos violetas** por iniciativa do **CIM**;

- Contacontos da **Compañía Teatro Piollo** sobre a violencia de xénero;
- Entre outras.
- Os **8 de marzo**:
 - Afondamento nas aulas sobre os motivos da **Folga Feminista**;
 - Reparto de **adhesivos** e colocación de **cartaces** polo centro sobre a situación de desigualdade de xénero no deporte;
 - Visionado do **documental La Sinsombrero**, sobre a muller española da xeración do 27).
- Participación nun **Plan de Formación Permanente do Profesorado** sobre **Patios Dinámicos** onde se aborda de maneira **transversal** a perspectiva de xénero. Esta abrangue dende os agrupamentos mixtos nos xogos e a cooperatividade (en troques da competición), ata a ocupación dos espazos equitativa con obxecto de que as zonas centrais dos patios non sexan copadas por defecto polo fútbol masculino, entre outras.
- Construción dunha **Biblioteca Inclusiva** no marco do **PLAMBE**, revisando e adquirindo novos fondos dende a perspectiva de xénero.

Elaboramos agora o presente plan como un reforzo do compromiso da **nosa escola** cos **valores** que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, e moi especialmente, a **igualdade** -en tódalas súas vertentes, tanto de oportunidades como de xénero-; valores todos eles estruturais na **Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio** de educación (LOE) no seu texto refundido coa **Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro** (LOMCE). Esta é normativa de referencia para nós en temática de igualdade, xunto coa que referiremos seguidamente no epígrafe 2 do presente Plan.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.2. MARCO NORMATIVO XERAL

A procura dunha sociedade igualitaria non é só un desexo ou pretensión educativa, senón que nos amparamos no marco normativo seguinte:

Tanto no marco da **Unión Europea**, como a nivel estatal, na **Constitución Española** de 1978, e na xa mencionada **Lei Orgánica modificada**, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios rexentes e se insta a promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva, en particular a través da educación como medio de transmitir e, ao tempo, renovar a cultura, co conxunto de coñecementos e valores que a sustentan.

No ámbito da nosa **comunidade autónoma** fanse eco destes mesmos principios o **Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; o **Decreto 105/2014, de 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o **Decreto 330/2009 de 4 de xuño** polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos fundamentaremos neles para levar a efecto que a igualdade se afirme como finalidade primordial dos distintos niveis educativos do centro.

Do mesmo xeito, teremos en conta o establecido pola **Lei galega 11/2007, de 27 de xullo**, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; a **Lei 2/2014, de 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia; e moi especialmente, o **Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, de 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

2.3. CONTEXTUALIZACIÓN DA IGUALDADE NA NORMATIVA DO CENTRO

Na nosa **documentación de centro** figuran numerosos obxectivos, contidos e medidas organizativas relacionadas coa igualdade de xénero, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención da violencia e discriminación por xénero, sexo ou orientación sexual, se ben tratan estas cuestións de **maneira transversal**, cousa que pretendemos paliar concretándoos dunha forma específica no presente Plan. A título ilustrativo -non exhaustivo- destacar as seguintes:

O noso **PLAN DE CONVIVENCIA** se artella sobre 5 obxectivos primordiais, que levan aparellados cadanseus obxectivos coeducativos:

1. **“Implicar a todos os membros da Comunidade Educativa no coidado do contorno”**, e en particular, o subobxectivo do **“coidado do espazo escolar”** (**decoración** de aulas e corredores; sensibilización, control e **limpeza** dos espazos) se relacionan co **Eixe 2** do Plan Xeral de Igualdade: buscamos tamén fomentar que estas dinámicas educativas estean **libres de estereotipos de xénero**.
2. **“Manter relacións de colaboración coas entidades locais para potenciar o desenvolvemento cultural e educativo da comunidade”**, ao traballar con todos os **sectores** (alumnado, familias, Concello -dentro do cal, Biblioteca Municipal de Marín, Casa da Cultura de Seixo, Bombeiros, etc.), este obxectivo se relaciona co **Eixe 3**: estamos procurando integrar a **visibilización de roles non marcados** na orientación educativa e profesional, facilitando **modelos** profesionais e vitais diversos que favorezan unha perspectiva aberta e promovan no alumnado unha **elección do futuro académico** e profesional libre de estereotipos de xénero.

3. “Lograr que **todos os membros da Comunidade Educativa se sintan acollidos, considerados e seguros**”, obxectivo a través do que procuramos establecer un ámbito de socialización que favoreza o **coñecemento e a convivencia** dentro da comunidade educativa, para unhas **relacións afectivas** saudables, **respectuosas e harmónicas**, parte do **Eixo 4**.
4. A través de “Lograr que o **alumnado se sinta integrado** no seu grupo aula e na Comunidade Educativa”, relacionado co **Eixe 6**, buscaremos a **detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia** de xénero e outras formas de **abuso, discriminación** e violencia asociadas, con especial atención ás situacións de discriminación múltiple.
5. Co obxectivo de “Potenciar no alumnado **habilidades e competencias** que lle axuden no seu **desenvolvemento persoal e social: autoestima, control emocional e solución de conflitos interpersoais**, entre outras”, traballamos o **Eixe 2**, procurando fomentar dinámicas educativas **libres de estereotipos** de xénero, e favorecendo que o alumnado poida desenvolver **o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e a diversidade** de opcións.

Os obxectivos concretos do noso **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL** máis relacionados cos **6 Eixes** do Plan de Igualdade son os seguintes:

- Adquirir, o alumnado, valores de cooperación, **convivencia** e solidariedade, propios dunha sociedade democrática, concibindo o **diálogo** como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.

- Desenvolver progresivamente un axeitado coñecemento e **valoración de si** mesmo, adquirindo unha **imaxe positiva** sobre as súas propias posibilidades e capacidades.
- Tomar conciencia dos **propios sentimentos e emocións**, desenvolvendo habilidades de control e de autorregulación.
- Adquirir as **habilidades sociais** necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.
- Adquirir **hábitos de vida saudable**, aprendendo a valorar a incidencia das propias accións e hábitos de vida sobre a saúde individual e colectiva.
- Promover un **consumo** responsable (...) -libre de estereotipos de xénero-.
- Achegar o alumnado ao **coñecemento das distintas profesións**, concienciándoo sobre a relevancia da dimensión laboral sobre o **propio proxecto vital** -que entronca co **Eixe 3**, e permítenos visibilizar os roles non marcados na orientación educativa e profesional e facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan os roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
- **Respectar a diversidade** de características persoais, crenzas, opinións, culturas e formas de vida, desenvolvendo actitudes comprometidas e solidarias coas persoas menos favorecidas.
- **Educar na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres** como un **dereito irrenunciable** nos diferentes contornos vitais.
- **Implicar aos pais e nais** en actividades de apoio á aprendizaxe e a orientación dos seus fillos e fillas.

Nas Normas De Organización, Funcionamento E Convivencia (NOFC)

atendemos á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación a través dos obxectivos seguintes:

1. “Potenciar o respecto dos **dereitos e liberdades fundamentais** e o exercicio da **tolerancia e a liberdade** dentro dos **principios democráticos de convivencia**”, obxectivo relacionado co traballo do **Eixe 5**, en tanto pretendemos erradicar as **relacións de uso abusivo do poder** e a **violencia sistémica no exercicio das relacións persoais**, e favorecer relacións **pacíficas e positivas** para todos os membros da comunidade.
2. “Articular e mellorar a **comunicación** entre os distintos membros da **comunidade educativa**”, obxectivo vinculado ao **Eixe 4**, para educar dende a diversidade para unhas relacións afectivas saudables e respectuosas, e unha **convivencia harmónica**.

De entre todos os obxectivos incluídos na **PXA** destacar os seguintes dous, máis directamente vencellados ao tema que nos ocupa:

- Continuar coa dinámica de organización, planificación e funcionamento dos aspectos relacionados cos **valores de igualdade entre homes e mulleres, valores de liberdade, xustiza, responsabilidade, respecto entre as persoas, aceptación da diversidade**, cooperación, solidariedade, respecto polo medio ambiente, creatividade e gusto polo ben feito.
- Impulsar un ambiente de traballo baseado **na comunicación, a confianza, o respecto e a responsabilidade a través das relacións humanas afectivas e efectivas** no profesorado e na **Comunidade Educativa** en xeral.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

As situacións de desequilibrio mais acusadas (fendas de xénero) que o noso centro ten detectadas son as seguintes:

- No tocante á representación nos distintos **órganos de decisión**:
 - O profesorado varón do centro se reduce a 2, o que fai imposible a paridade.
 - Dentro do Consello Escolar, en representación dos proxenitores do alumnado, todos os membros son mulleres: dun total de 5 representantes de familias, 5 son nais.
 - No AMPA os cargos directivos son ocupados por mulleres e, na súa participación no día a día, salvo nunha excepción, solo concorren nais.
- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula:

	Mulleres	Homes
EI	21	24
EP	58	50
Total	79	74

- No tocante ao nivel de **titulación e resultados académicos** obtidos, os resultados da **avaliación individualizada** de 3º curso de Educación primaria son representativos no caso do noso centro, porque a participación foi mínima (só dous alumnos). Non obstante, atendendo aos resultados académicos do alumnado que promocionou con **materias pendentes ou alumnado repetidor**, aprécianse as diferenzas de xénero reflectidas na táboa que segue, onde se confirma unha tendencia

xa observada nos anos anteriores de que **hai máis alumnado NEAE varón**, así como NEE:

	Mulleres	Homes
6º EP	3 que promocionaron con materias pendentes	2 repetidores
5º EP	1 promocionou con materias pendentes	1 con ACS
4º EP	0	3 promocionaron con materias pendentes
3º EP	1 repetidora	0
2º EP	0	1 promocionou con materias pendentes
1º EP	0	0
Total	5	7

- A diferenza de xénero se repite na **Listaxe de Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** atendido por **PT** e **AL** e **PO**:

	Mulleres	Homes
6º EP	4 por PT	
5º EP	2 por PT 1 por AL	5 por PT
4º EP	1 por AL	3 por PT 1 por AL
3º EP	1 por PT	3 por PT

	1 por AL	2 por AL
2º EP		3 por PT
1º EP		2 por AL
6º EI		2 por AL
5º EI	1 por AL	2 por AL
4º EI		1 por AL
Total	11	24

- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar). Atendendo ao rexistrado no Informe de Convivencia Trimestral
 - Conflitos leves nas filas de acceso ás aulas, maiormente provocados por nenos varóns.
 - Pequenos conflitos en aulas e patio: incumprimento de normas, molestar aos compañeiros, interrompir o traballo de aula, liortas nos recreos, tamén maiormente provocado por alumnado varón.
 - Un caso de ciberacoso dixital, a mans dunha alumna a outra compañeira do mesmo grupo-clase.
 - Conflitos illados no autobús, entre compañeiros/as de ámbolos dous xéneros.
- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.).
 - O uso sesgado dos espazos lúdicos estase traballando activamente a través do PDI de “**Patios dinámicos, patios inclusivos**” e do uso activo da Biblioteca de Centro; mentres que no tocante ás actividades extraescolares sí

observamos unha participación enormemente sesgada: por exemplo, nas actividades de baile, o alumnado é case na súa totalidade feminino.

A **situación de partida** no noso centro para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero afronta os seguintes parámetros:

Debilidades: os nenos non están entendendo en profundidade o concepto de igualdade, xa que os seus modelos e referentes familiares son tradicionais, con sesgo de xénero. Isto ratifícase:

- Nos xogos espontáneos coa participación sesgada: exclúense ás nenas por razón de xénero, por exemplo, nos xogos deportivos;
- O alumnado verbaliza e ten normalizado que as labores domésticas recaian sobre o xénero feminino;
- Quen acode ao centro e se encarga das funcións de supervisión titorial nunha ampla maioría son nais;

Os roles van aparellados a que moitos dos pais estean embarcados (en estadías de medio-longo prazo -entre 1 mes e 6 meses-, referente repetido tamén nos avós (xubilados dende os 55 anos, na casa ratificando modelos de machismo).

Fortalezas: é importante ter en conta esta **realidade** que envolve ao centro, coñecendo o **contexto social** que envolve ao noso **alumnado**.

No tocante á **participación** no presente plan, a **coeducación e o respecto** pola diversidade non é tarefa dunha soa persoa senón de moitas e é necesario que exista unión entre toda a **comunidade educativa**. O **diálogo** será a base do **respecto**.

Partir de situacións compartidas e **traballar en coordinación** con asociacións, institutos da contorna, concello,...

O **traballo en equipo** será o elemento fundamental que incide na eficacia da intervención coeducativa e de respecto pola diversidade, éste traballo, é o que deriva da

coherencia entre propostas do profesorado e os comportamentos cotiáns. Dificilmente se pode transmitir ao alumnado unha visión integradora se non traballamos en equipo coordinados.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO

AOS TEMAS

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** dende a perspectiva de xénero.
- **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación no centro desde o respecto e a integración da igualdade.
- Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Intensificar a **formación do profesorado** para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
- Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para sobre igualdade de xénero,

violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación vital libre de prexuízos.
- **Elaborar unha publicación divulgativa** para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1. A nivel de **organización do centro**, imos intensificar o traballo sobre as seguintes medidas:

- Favorecer a **representación de homes** nos órganos de decisión e representación, para que sexan máis equitativos.
- Apoiar á persoa **responsable en materia de igualdade** no Consello Escolar a dar impulso ó presente Plan.
- **Difundir** o plan entre os distintos axentes da comunidade, especialmente entre as familias, a través do Consello Escolar, e ampliando o díptico informativo de inicio de curso para as familias.
- Promover a **formación** do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, como reenviando os correos relacionados con esta temática á totalidade do claustro e ás familias a través do ANPA; tamén a través do **PFPP** de **Patios dinámicos e inclusivos** que se iniciou como unha vía de xestión indirecta e resolución dos conflitos do alumnado polo uso dos espazos de lecer.
- Empregar unha **linguaxe inclusiva e igualitaria** na actividade do centro, por exemplo nas comunicacións e circulares que se envían ás familias, na fala docente diaria de aula...
- Colaborar con **outras entidades** na realización de actividades coeducativas, como o **CIM de Marín** que desenvolve por exemplo contacontos sobre esta temática.
- Concretar **actividades** arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, facendo o contacontos xa mentado; 8 de marzo, repartindo material alusivo; celebracións LGBTI, expoñendo cartaces de sensibilización e respecto.).

- Concretar o desenvolvemento **curricular da educación afectivo-sexual integral** para todo o alumnado do centro, por exemplo coa actividade de explicación do funcionamento do corpo humano de 6º de EP con maquetas para expoñer nas demais aulas.

- Concretar o desenvolvemento curricular da **orientación laboral e profesional libre de estereotipos**, por exemplo coa charla educativa e experimentos científicos “**Excelentes Mulleres Científicas**”, desenvolvido por “Ciencia en Movemento” para todos os cursos de EP.

- **Revisar e actualizar o material didáctico** con perspectiva de xénero, por exemplo cunha escolla máis coidadosa nos **libros de texto** a substituír no mes de maio correspondentes a 1º,2º,3º e 5º, e dos **xogos didácticos** de Educación Infantil.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, como por exemplo coa actividade de difusión de “**Excelentes Mulleres Científicas**”, ou na actividade de “**Muller e Deporte**” e outros fondos e contacontos para a Biblioteca relacionados coa abolición de estereotipos de xénero; para reivindicar os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, como o proxecto realizado “**A Muller e o Mar**”, etc.

- Revisar o **material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades), dende cada titoría e incorporar esta medida no **PAT**.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias, como a través do **CFR**, ou da **Escola de Pais e Nais** en colaboración co **Concello de Marín**, como charlas informativas promovidas pola mesma entidade.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través dun taboleiro no centro, como por exemplo, na **lona-mapa do Patio Inclusivo**.
- Promover lecturas coeducativas a través da **Biblioteca Escolar** Inclusiva e traballos dende a **Radio Escolar** sobre igualdade e xénero.
- Continuar a revisar permanentemente a idoneidade dos **contidos audiovisuais** das actividades do centro, con obxecto de evitar o sexismo.
- Empregar **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real, como o traballo de aula que facemos **Prensa-Escola** en colaboración coa **Voz de Galicia e o Faro de Vigo** (o Faro da Escola) en 5º e 6º de EP.
- Xestionar as **actividades e da ocupación do patio** para favorecer a inclusión, en concreto dende as actividades de formación do profesorado (PFPP de Patios Inclusivos) e cos grupos de voluntariado do alumnado para diferentes actividades, como a xestión de Biblio-patio e dos xogos dos espazos.

- Promover a cooperación nos **espazos tecnolóxicos**, como na aula TIC, o espazo de robótica e impresora 3D da Biblioteca e na Radio Escolar.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional, por exemplo, a través das **actuacións de Convivencia** en colaboración co **Departamento de Orientación** en casos de detectar condutas potencialmente discriminatorias.
- Promover a participación do sexo menos representado nas **actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado**, como por exemplo dende as titorías ou especialidades, como a EF, tentando facer actividades sempre mixtas e equipos de encargados/as tamén mixtos e paritarios.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

Continuaremos a promover:

- O respecto e do **bo trato entre mulleres e homes** transversal e permanentemente dentro de toda a Comunidade Educativa.
- As actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, entre outras actuacións a través das actividades de **horta ecolóxica, composteiro e invernadoiro** escolar dentro dos **Patios Dinámicos, Patios Inclusivos**.
- O respecto cara á diversidade sexual e de xénero, dentro do marco de aplicación do **Plan de Convivencia** Escolar, **NOFC** e **PE** de Centro.
- **Metodoloxías activas participativas e cooperativas**, no traballo por proxectos dentro do marco do **Proxecto Documental Integrado (PDI)**, a través das

actividades que se proxectan dende a **Biblioteca Escolar** como membros do **PLAMBE**.

- A **corresponsabilidade** na realización das tarefas, como dende as titorías e especialidades, con actividades mixtas e equipos de encargados/as tamén mixtos e paritarios na medida do posible.
- Actividades de **intervención social** na comunidade educativa, como a través das actividades en colaboración co CIM que tamén inclúen ás familias ou a xa mencionada Escola de Pais e Nais do Concello de Marín.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDA	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COLECTIVO Ó QUE VAI DIRIXIDA	PROPOSTAS DE MELLORA
5.1. CENTRO	Favorecer a representación de homes nos órganos de decisión e representación, para que sexan máis equitativos.	Explorada a súa posibilidade de oferta: si/non	Familias	
	Apoiar á persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar a dar impulso ó presente Plan.	Nº de accións de difusión do Plan de Igualdade	Representante de Convivencia e Igualdade no Consello Escolar	
	Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, especialmente entre as familias, a través do Consello Escolar, e ampliando o díptico informativo de inicio de curso para as familias.	Nº de ligazóns ou soportes nos que se difunde	Comunidade Educativa	
	Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, como reenviando os correos relacionados con esta temática á totalidade do claustro e ás familias a través do ANPA.	Nº de obradoiros e actividades educativas realizadas	Comunidade Educativa	Participación das familias na Escola de Pais/nais do concello de Marín
	Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro	Nº e tipo de revisións feitas	Comunidade Educativa	
	Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas	Nº de obradoiros e actividades educativas realizadas	Comunidade Educativa	
	Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar	Nº de obradoiros e actividades educativas realizadas	Comunidade Educativa	
	Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro	Nº de obradoiros e actividades educativas realizadas	Alumnado	
	Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos ,	Nº de obradoiros e actividades educativas realizadas	Alumnado	
	Revisar e actualizar o material didáctico con perspectiva de xénero	Nº de materiais revisados por curso	Profesorado	
5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES	Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero	Nº e tipo de materiais revisados por curso	Profesorado	
	Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades), dende cada titoría e incorporar esta medida no PAT .	Nº e tipo de materiais revisados por curso	Profesorado	
	Realizar actividades de información e sensibilización coas familias	Nº de accións realizadas Nº e xénero das persoas	Familias	Crear un espazo web dentro da páxina do

		participantes		centro para difundir información en materia de igualdade.
5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO	Difundir información a través dos taboleiros no centro.	Nº de accións realizadas	Comunidade Educativa	
	Promover lecturas coeducativas a través da Biblioteca Escolar Inclusiva e traballos dende a Radio Escolar sobre igualdade e xénero.	Nº de obradoiros e actividades educativas realizadas	Alumnado	
	Continuar a revisar permanentemente a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro, con obxecto de evitar o sexismo.	Nº de contidos revisados por curso	Profesorado	
	Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.	Nº de accións realizadas	Alumnado	
	Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.	Nº actividades educativas realizadas.	Profesorado	
	Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos .	Nº actividades educativas realizadas e Nº de alumnos e alumnas participantes.	Alumnado	
	Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.	Nº actividades educativas realizadas.	Alumnado	
	Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado .	Nº actividades educativas realizadas e Nº de alumnos e alumnas participantes.	Alumnado	
5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes transversal e permanentemente dentro de toda a Comunidade Educativa.	Nº actividades educativas realizadas e Nº de alumnos e alumnas participantes.	Comunidade Educativa	
	Realizar de actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, entre outras actuacións.	Nº actividades educativas realizadas e Nº de alumnos e alumnas participantes.	Alumnado	
	Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero, dentro do marco de aplicación do Plan de Convivencia Escolar, NOFC e PE de Centro	Nº actividades educativas realizadas .	Comunidade Educativa	
	Promover o uso de Metodoloxías activas participativas e cooperativas , no traballo por proxectos dentro do marco do Proxecto Documental Integrado (PDI) , a través das actividades que se proxectan dende a Biblioteca Escolar como membros do PLAMBE .	Nº actividades educativas realizadas e Nº aulas participantes.	Profesorado	Configurar e xestionar maletas viaxeiras con contidos sobre a igualdade de xénero, violencia de xénero e

				educación afectiva-sexual.
	Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.	Nº de accións realizadas.	Alumnado	
	Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.	Nº actividades educativas realizadas e Nº de alumnos e alumnas participantes.	Comunidade Educativa	Protocolo de actuación para abordar casos de conductas contrarias á convivencia por razóns de xénero.

7. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Constitución española de 1978
- Declaración universal sobre dereitos humanos
- Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Principios de Yogyakarta.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

WEBGRAFÍA

Igualdade Xunta de Galicia: <https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

Secretaría Xeral de Igualdade:

<http://igualdade.xunta.gal/es/departamento/secretaria-xeral-da-igualdade>

Bibliotecas escolares, 8 de marzo:

<https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/947>

Diccionario de Coeducación:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/37cfa2a39672ded599bfbf6d826aafe8.pdf

Guía Coeducativa de Infantil:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/c63595a0f883bda7fc0596e922f2d165.pdf

Guía Coeducativa de Primaria:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/1ba3981065e594da01a02ce9e25ea32c.pdf

Guía de Literatura Infantil e Xuvenil Para a Igualdade:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/xunta-presenta-unha-guia-de-literatura-infantil-e-xuvenil-como-complemento-educativo>

Innovación educativa. Plan Proxecta. Donas de Si:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/9615>

Mujeres con Ciencia: <https://mujeresconciencia.com/>

Mulleres en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal/>

Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2017/09/26/3858455c738ec1bbef6df491fc58b353.pdf